

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente (2) do 8 de xullo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e dezaioito minutos do día oito de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(687).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(688).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/06/16, dáse conta do informe-proposta do 27/06/16, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

33 “LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

1. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	98,29
2. ALTHENIA,S.L.	92,32
3. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	91,74
4. API MOVILIDAD	89,97
5. UTE INGESAN-OHL	88,52
6. ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	87,42
7. UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSA S.A.EULEN,S,A.	82,52
8. ABSA.	80,94
9. TALHER,S.A	64,66
10. ELSAMEX,S.A.	63,36
11. GESECO, S.A	50,88
12. EULEN,S,A	42,13
13.-GRUPO RAGA, S.A.	35,16

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o día 22 de abril de 2016, que presenta a documentación requirida en data 04 de maio de 2016 .

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 11 de maio de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigod, por un prezo de 17.237.394,62 euros. *Todo iso de acordo cos pregos de*

prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(689).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONCESIONARIA DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS (FCC AQUALIA). EXPTE. 3992/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 08/07/16, dáse conta do informe-proposta do 07/07/16, do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Vigo, nos últimos anos ven establecendo, dentro do marco da política social, unha serie de axudas no ámbito competencial da atención a persoal en situación ou risco de exclusión social. Así nos últimos orzamentos municipais contémpanse, entre outras partidas para axuda alugueiro, vivenda, alimentos, c.enerxético, axudas a familias e fondo de emerxencia desafuzamentos, etc.

Segundo.- No marco das citadas políticas de gasto de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social, a concesionaria da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas, a UTE Aqualia Gestión Integral de Aguas S.A e “Fomento de Construcciones y Contratas S.A.” (no sucesivo “a concesionaria”) e o Concello de Vigo elaboraron un proxecto de convenio para a constitución dunha nova liña de axudas, por parte da entidade concesionaria, co obxectivo de garantir o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable aos veciños de Vigo en situación de exclusión Social.

Terceiro.- No expediente tramitado ó efecto figura:

- orde de inicio do expediente de data 04.07.2016
- proxecto de convenio

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- Sobre a capacidade de convir das entidades locais

De acordo cos artigos 88 do LRXAPPAC, 111 TRRL e 25 TRLCSP, as Administración Públicas poderán celebrar acordos pactos e convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Segundo.- Contido do convenio

O convenio consta dunha parte expositiva e dez cláusulas que se refiren a:

- Obxecto*
- Contido das axudas*
- Requisitos para acceder ás axudas*
- Causas de exclusión da axuda*
- Dereitos e obrigas do Concello*
- Dereitos e obrigas da entidades*
- Financiación*
- Duración e vixencia*
- Comisión de Seguimento do Convenio*
- Xurisdicción Competente*

O convenio ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e a concesionaria para garantir o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable aos veciños de Vigo en situación de exclusión social, facilitándolles as axudas necesarias.

En virtude do convenio, a concesionaria comprométese a financiar axudas a persoas en situación de exclusión social para permitir o pago do recibo da auga nas súas vivendas, cun importe para o ano 2016 de 30.000 euros.

O Concello de Vigo, pola súa parte, obrígase a seleccionar a través do Servizo de Benestar Social ás unidades familiares en situación de exclusión social beneficiarias de esta clase de axudas, así como a tramitar a través do Servizo de Benestar Social as solicitudes de esta clase de axudas e comunicarllos á concesionaria, indicándolle a data de inicio da axuda e, no seu caso, a da súa finalización.

Terceiro.- Réxime xurídico.

O convenio concértase polo Concello de Vigo no exercizo das súas competencias en materia de servizos sociais e de abastecemento de auga potable a domicilio.

No artigo 25.2.e da LBRL recóllese como competencia propia dos Concellos a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Dun modo máis amplo a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, na súa Disposición Adicional cuarta establece que as competencias en servizos sociais continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se den as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica, e en particular, o establecemento dun novo sistema de financiación autonómica e de facendas locais previsto na mesma.

O Concello de Vigo tamén exerce competencias propias en materia de abastecemento de auga potable a domicilio, segundo o recollido no artigo 25.2.c da LBRL.

O convenio contén as especificacións esixidas nos artigos 199 LALG, 6.2 LXRAPPAC.O convenio de que se trata non ten natureza contractual pois non reúne os elementos dos

contratos suxeitos ao R.D.Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que está excluído da súa aplicación.

O rexime xurídico substantivo do convenio é, pois, o que resulta das súas cláusulas e, supletoriamente, das demais normas de derecho administrativo de aplicación, sinaladamente o TRLCSP, de acordo co disposto no seu artigo 4.2, e, en último termo, das normas de dereito privado.

Por último, os pactos que o convenio incorpora estimanse conformes ao interese público que o mesmo persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Cuarto.- Procedemento e competencia

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación. Non é necesario informe da Intervención Xaeral por non supoñer gasto para o Concello de Vigo. De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

De acordo co artigo 8.1. letra "b" da Lei de transparencia deberá darse publicidade ao convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a UTE Aqualia Gestión Integral de Aguas S.A e "Fomento de Construcciones y Contratas S.A, concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auguas, transcrito no Anexo da presente proposta.

Segundo.- Comprometerse a dar cumprimento ao mesmo nos seus propios termos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal ós efectos de publicidade, unha vez asinado polas partes intervintes no mesmo."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A."

Na cidade de Vigo a de do 2016

REUNIDOS:

Dunha parte, o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, Excmo. D. Abel Caballero Álvarez, no seu nome e en representación e con facultades bastantes para celebrar o presente acto, con domicilio en Praza do Rei, s/n (en diante, "O Concello").

Doutra, D. José Luis García Ibáñez, como delegado e en representación da unión temporal de empresas “Aqualia Xestión Integral da auga, S.A. e Fomento de Construcións e Contratas, S.A.”, empresa concesionaria da xestión do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento, con CIF nº U79820833 e con domicilio social en Vigo rúa Cantabria, s/n (en diante, “A Entidade”).

Ambos, de común acordo,

EXPOÑEN:

I

Que “A Entidade” está interesada en participar nas iniciativas dirixidas a garantir o acceso á subministración de auga potable dos veciños do termo municipal do Concello de Vigo en situación de exclusión social, que se están promovendo nos últimos tempos por todas as Administracións.

II

Que “O Concello ” a través dos seus servizos de Benestar Social, colaborará seleccionando as unidades familiares que se atopen na referida situación de exclusión social.

Por iso ambas partes, de común acordo, establecen o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, en base ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste Convenio é establecer a colaboración de ambas as partes para garantir o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable aos veciños de Vigo en situación de exclusión social, facilitándolle as axudas necesarias.

Segunda.- Contido das axudas

O importe da axuda a cada unidade familiar estimada en base a unha vivenda en que residan catro persoas, cun consumo de 125 litros por persoa e día, e que formen unha unidade de convivencia independente entendida como a formada por aquelas que manteñan entre elas un vínculo por matrimonio ou unha relación estable análoga, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e o segundo grao respectivamente, será de ata un máximo de 100,00€, IVE incluído, durante un total de 6 meses, importe dun contrato doméstico de carácter bimestral, cun consumo de 15 m3 ao mes, considerando as tarifas vixentes e todos os conceptos da factura.

O referido importe máximo modificarase en función das variacións que establezan as tarifas e demais conceptos da factura.

Terceira.- Requisitos para acceder ás axudas

Serán os seguintes:

a).- Que o Servizo de Benestar Social do Concello declare á unidade familiar do solicitante en situación de exclusión social e así llo comunique a “A Entidade” indicándolle o número de membros que a compoñen conforme ao previsto na cláusula anterior.

b).- Ser titular dun contrato individual para abastecemento domiciliario de auga potable da súa vivenda habitual con "A Entidade"

c).- Acreditar que teñen concedida ou, polo menos solicitada, a exención do canon de auga por parte de Augas de Galicia.

Cuarta.- Causas de exclusión da axuda

Serán as seguintes:

1ª.- Cando previamente a declararse a situación de exclusión social "A Entidade" deixase de prestar o servizo ao interesado por falta de pago.

2ª.- Cando o interesado cometese algunha outra infracción ao Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento, excluindo a falta de pago derivada de atoparse en situación de exclusión social.

3ª.- Cando a dotación económica para o efecto se esgotase.

Quinto.- Dereitos e obrigas de "O Concello"

a).- Terá dereito a seleccionar a través do Servizo de Benestar Social, ás persoas en situación de exclusión social beneficiarias desta clase de axudas, en base a criterios obxectivos, especialmente a súa antigüidade na situación e as súas cargas familiares.

b).- Terá a obriga de tramitar a través do Servizo de Benestar Social as solicitudes desta clase de axudas e comunicar a "A Entidade" cales son as unidades familiares beneficiarias, así como o momento en que eventualmente deixen de atoparse na referida situación que xustifica o cesamento da axuda.

Sexta.- Dereitos e obrigas de "A Entidade"

a).- Terá dereito a comprobar que o beneficiario se atopa en situación de exclusión social durante todo o tempo que dure a axuda, eliminándoa cando desapareza a situación, sen prexuízo de comunicarllo ao Concello. Tamén, a denegar calquera axuda que non cumpra os requisitos establecidos na cláusula cuarta anterior.

b).- Salvo o previsto no apartado anterior, terá a obriga de conceder as axudas propostas por "O Concello", ata que o financiamento establecido para o efecto se esgote.

Sétima.- Financiamento

O financiamento correrá a cargo de "A Entidade" ata o importe máximo que se acorde para cada anualidade.

O seu importe para este ano, 2016, establécese en 30.000,00€.

Mentres este Convenio siga en vigor e antes da finalización de cada ano, ambas as partes acordarán o financiamento correspondente ao ano seguinte.

Oitava.- Duración e vixencia

A colaboración obxecto deste Convenio, establécese por anos naturais, e renovarase automaticamente se antes de finalizar cada un deles non media denuncia de calquera das partes ante a outra con tres meses de antelación ao seu vencemento. Continuará vixente dende a súa firma ata a súa finalización por denuncia e automaticamente dende o momento en que "A Entidade" deixase de ser concesionaria deste servizo municipal.

Novena.- Comisión de Seguimento do Convenio

Constituirase unha Comisión Paritaria de Seguimento integrada por un representante de "O Concello", relacionado co Servizo de Benestar Social e Fomento e outro de "A Entidade" que será a encargada de interpretar e resolver as controversias que se produzan no seu desenvolvemento e execución .

Décima.- Xurisdición competente

As cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes na interpretación e execución do presente Convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento, serán competencia dos Xulgados Contencioso-administrativo de Vigo.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

4(690).- PROXECTO OBRAS HUMANIZACIÓN RÚA LLORENTE. (FASE I). EXPTE. 3207/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 08/07/16, dáse conta do informe-proposta do 05/07/16, do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do servizo Administrativo da Alcaldía e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do capítulo "pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.6190051 "Humanización RÚA LLORENTE. FASE 1".

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 21/01/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 5.600,00 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones S.L. (B36937282)

3. O proxecto presentado pola mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones S.L. (B36937282), co nome comercial de "ESTUDIO ZUBÍA INGENIEROS", presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DEZAOITO MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (218.547,36 EUROS) e data maio de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, con data 28/4/2016, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 20 de xuño, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola na LLORENTE, co seu inicio na rúa Torrecedeira e o final na intersección coa rúa Pi e Margall Interior, incluíndo esta rúa na intervención, e comprende as seguintes actuacións:

- Renovación dos servizos, da pavimentación e a iluminación da rúa Llorente. Realizarase
- Así mesmo unha reordenación das prazas de aparcadoiro e ampliaranse as beirarrúas.
- Mellorar a accesibilidade e calidade do espazo do peón, polo que se definiu un ancho mínimo de 3.2 metros na calzada, como mínimo imprescindible para asegurar o tráfico, permitindo desta forma aumentar o ancho das beirarrúas.
- Crear un espazo de reunión na rúa Pi e Margall Interior. Este espazo baséase na execución dun banco con forma de áncora.
- Proxéctase unha nova rede de abastecemento, xa que a existente atópase moi deteriorada. As tubaxes serán de fundición dúctil de diámetro 100 mm.
- A rede actual de iluminación está baseada en puntos de luz nas fachadas. Estes puntos de luz serán substituídos por luminarias novas provistas por lámpadas LED.
- Disporase unha xardineira no encontro coa rúa Pi e Margall Interior, así como na rúa Llorente fronte á saída do colexio Carmelitas. Prevese a plantación de boj, lavanda, evónimo, érica e plantas de tempada.
- Proxéctase a instalación de rega automática para dar servizo tanto ás especies arbóreas como ás plantacións das xardineiras.
- Instalaranse os sinais verticais oportunas e pintaranse os símbolos de aparcadoiros, pasos de peóns ou frechas que aparecen reflectidos nos planos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 22 de xuño de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracións Públicas.

7.- Así mesmo consta no expediente resolución do director xeral de Patrimonio Cultura da Xunta de Galicia, no cal AUTORIZA a realización das obras de humanización da rúa Llorente, condicionada á realización dun control arqueolóxico dos movementos de terras.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto, e consta resolución de autorización das obras do director xeral de Patrimonio Cultura da Xunta de Galicia

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE" de data de maio de 2016, presentado pola mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones S.L. (B36937282), co nome comercial de "ESTUDIO ZUBÍA INGENIEROS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DEZAOITO MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (218.547,36 EUROS)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(691).- PROXECTO OBRAS HUMANIZACIÓN RÚA ROSALÍA DE CASTRO ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO. EXPTE. 3210/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 08/07/16, dáse conta do informe-proposta do 05/07/16, do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do servizo Administrativo da Alcaldía e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do capítulo "pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.6190007 "Humanización "HUMANIZACION DA RÚA ROSALÍA, ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO".

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 21/01/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 18.151,26 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais S.L. (PETTRA) con cif B36872075)

3. O proxecto presentado pola mercantil Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais S.L. (PETTRA) con cif B36872075) , presenta o proxecto de "Humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño" redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Santiago N. López Fontán e Alejandro Franza Ayude cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL CATROCIENTOS TRINTA EUROS (879.430,00 €) e de data marzo de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, con data 27/4/2016, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 5 de xullo, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño, e comprende as seguintes actuacións:

- O proxecto de Rosalía de Castro supón unha actuación entre eixes de 140 metros, axustada a parte xa humanizada de Canceleiro, e o entronque de Serafín Avendaño, cunha anchura media de 30 metros; polo que actuación acada unha extensión aproximada total de 4200 m2.
- A actuación esténdese dentro da rúa Serafín Avendaño, abrangue unha anchura de 5 metros e un eixo de aproximadamente 56 metros, polo que a súa extensión aproximada é de 280 m2.
- Actúase sobre 1.600 m2 de beirarrúas, ampliando a superficie peonil actual.
- Renóvase toda a rede de abastecemento de auga potable, cun total de 270 ml de nova conducción, con diámetros de 150 e 100 mm, mallando a rede, instalando novos hidrantes contraincendios e bocas de rego.
- Créase unha rede de recollida de augas separativa, mediante a construción dunha nova rede de pluviais, cun total de 185 ml de novo colector de 315, con 17 novos pozos de rexistro, e renovando todos o sistema de sumidoiros(26).
- Repárase a rede de saneamento de fecais, mediante un encamisado por mangas de PRFV reversible e autoportante, actuando sobre 64 ml de colector, o 30% do colector actual (Ovoide).
- Renóvase toda a rede de alumeado público, mediante a transformación dos grupos ópticos por tecnoloxía LED, e renovación das conducións, e actualización do centro de mando. Instálanse 36 grupos ópticos nos 12 báculos existente, e 4 novos luminarias en novos báculos, así como 8 novas luminarias para potenciar o alumeado nos pasos de peóns.

- *Xéranse tamén superficies axardinadas, mediante o deseño de 24 novos alcorques (Liquidambar o similar), e a configuración de mais de 230 m2 de superficies verdes (parterres e outros elementos).*
- *Ase mesmo constrúese unha fonte ornamental no interior da nova glorieta que regula a intersección de Serafín Avendaño, de 150 m2 de vaso. E complementábase a urbanización con bancos corridos en torno as superficies verdes.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 5 de xullo de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracions Públicas.

7.- Así mesmo consta no expediente resolución do director xeral de Patrimonio Cultura da Xunta de Galicia de data 1 de xullo, no cal AUTORIZA a realización das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño, condicionada á realización dun control arqueolóxico dos movementos de terras.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto, e consta resolución de autorización das obras do director xeral de Patrimonio Cultura da Xunta de Galicia de data 1 de xullo de 2016

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, ENTRE CANCELEIRO E SERAFÍN AVENDAÑO” de data de marzo de 2016, presentado pola mercantil Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais S.L. (PETTRA) con CIF B36872075), redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Santiago N. López Fontán e Alejandro Franza Ayude cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL CATROCIENTOS TRINTA EUROS (879.430,00 €) e de data marzo de 2016.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.